



**Luís Antonio Pérez Barral, portavoz e concelleiro do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Ribeira e David Mochales Vigo, portavoz e concelleiro do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no concello da Illa de Arousa, presentamos as seguintes ALEGACIÓNS ao Proxecto de orde pola que se establecen as normas relativas ao uso público e de actividades recreativas nos illotes dos Guidoiros e illa de Rúa.**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ten en prazo de audiencia pública o documento polo que se establecen as normas relativas ao uso público e de actividades recreativas nos illotes de Guidoiros Areoso e Pedregoso e na illa de Rúa emprazados na Ría de Arousa.

Desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos que o documento presentado pola Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda chega tarde e sen o debido consenso social co que un documento desta índole debería contar.

Entendemos que chega tarde porque hai moito tempo que o illote de Guidoiros Areoso sofre unha presión que soborda a súa capacidade de carga, implicando un deterioro que prexudica o medio natural. É evidente que hai que regular o seu uso e a afluencia de persoas a este territorio insular que permitan preservar os valores naturais e culturais dos illotes, mais non pode facerse sen o consenso necesario entre os sectores afectados e a propia poboación.

Creemos que presentar un documento sen contar coa participación social é un erro de partida que xa está a xerar as primeiras reaccións de rexeitamento de sectores como o turístico, o da pesca recreativa ou mesmo entre a poboación xeral que verá moi limitada a posibilidade de achegarse ao territorio insular do que falamos.

Por se todo isto fose pouco, non existe unha mínima análise científica previa que avale que estas medidas que se pretenden aprobar vaian ser realmente efectivas para protexer a zona. Ante este feitos, desde o BNG presentamos unha serie de alegacións que consideramos importante atender para garantir a conservación do espazo natural ao tempo que a comunidade local e sectores afectados poidan seguir desenvolvendo actividades tradicionais compatíbeis coa contorna.

### **ALEGACIÓNS AO PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS RELATIVAS AO USO PÚBLICO E DE ACTIVIDADES RECREATIVAS NOS ILLOTES DOS GUIDOIROIS E ILLA DE RÚA**

#### **Plan de usos**

A Consellaría de Medio Ambiente pon a audiencia pública un “Proxecto de orde pola que se establecen as normas relativas ao uso público e de actividades recreativas nos illotes dos

Guidoiros e illa de Rúa” porén isto entra en contradición co que establece a lexislación vixente.

Se atendemos a Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galiza, no seu artigo 59 do Capítulo IV sobre os instrumentos de planificación dos recursos e dos espazos naturais que hai que protexer indica:

“1. Os plans de xestión son os instrumentos de planificación dos monumentos naturais, das zonas húmidas protexidas, das paisaxes protexidas e dos espazos protexidos Rede Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galiza, que establecerán o réxime de usos e de actividades permisibles e as limitacións que se consideren necesarias para a conservación destes espazos, así como as medidas para a conservación dos hábitats e das especies.

Cando estes espazos naturais protexidos xa contén un plan de ordenación dos recursos naturais, consonte o artigo 49.2, os plans de xestión desenvolverán as súas directrices e os seus criterios.”

A Consellaría de Medio Ambiente realiza un proxecto de “normas”, cando este documento é un instrumento de planificación dos espazos naturais de interese local e dos espazos privados de interese natural pero non serve para Espazos de Rede Natura 2000, como é o caso de Guidoiros Areoso, Pedregoso e illa de Rúa. Segundo a Lei 5/2019, a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda debería desenvolver un Plan de xestión.

Este documento, segundo o texto legal antes mencionado, deberá ter o seguinte contido mínimo:

- a) a delimitación do seu ámbito de protección, que poderá ser discontinuo cando resulte necesario
- b) a referencia á documentación acreditativa da titularidade dos terreos
- c) a normativa urbanística aplicable ao solo en que se sitúe o espazo natural
- d) os accesos e os posibles gravames existentes sobre o espazo natural
- e) a identificación dos valores que se deben protexer e dos posibles riscos que poidan afectar os seus valores naturais
- f) os usos, as actividades e os aproveitamentos do solo e dos recursos naturais existentes
- g) a descrición socioeconómica da contorna
- h) os obxectivos da conservación
- i) a referencia ás normas de competencia da Administración local que se vaian aplicar nos espazos naturais de interese local
- j) a programación das actuacións que se van desenvolver no espazo natural

k) as necesidades orzamentarias para a xestión e as fontes de financiamento previstas

l) o compromiso do promotor de asignar os recursos económicos necesarios para a xestión do espazo. No caso dos espazos naturais de interese local, este compromiso deberá contar co acordo dos organismos promotores, que serán as entidades locais correspondentes

m) o programa de seguimento

n) a identificación das medidas para garantir a conectividade ecolóxica, establecendo ou restablecendo uns corredores con outros espazos naturais de singular relevancia para a biodiversidade.”

**ALEGACIÓN 1:** A Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda elaborará un Plan de usos tal e como establece a Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galiza co contido mínimo que establece o artigo 60 da devandita lei e cos mecanismos de participación regulamentados nese texto legal.

### Escasa motivación, detalle e inexistencia de obxectivos de conservación

A Xunta de Galiza sacou a audiencia pública as normas relativas ao uso público e de actividades recreativas nos illotes de Guidoiros e illa de Rúa pero ao longo das dez páxinas do documento apenas se motivan as medidas restritivas tan severas que trata de aprobar o goberno galego. Desde o Bloque Nacionalista Galego botamos en falta un maior diálogo coas comunidades locais, sectores afectados por estas restricións e cremos que existe unha falta de concreción e detalle dos motivos que levan a adoptar cada unha das medidas recollidas no texto.

A Administración galega reconece no texto que, desde que se declarou o espazo como Lugar de Importancia Comunitaria no ano 2014, hai actividades vinculadas de uso público que “están a afectar de forma apreciable aos compoñentes da biodiversidade e do patrimonio natural: numerosas embarcacións fondeadas, desembarco e circulación de vehículos/embarcacións anfibas, remoción dos medios dunares, acampadas, pernoitas, alteración da estrutura da vexetación, arranque de plantas. As presións e ameazas referidas atópanse na súa maioría vinculadas a actividades de uso público”. A pesar de que se enumeran algunhas ameazas, o documento non especifica que outras medidas, alén da prohibición da pesca deportiva e da restrición de acceso, tomará a Consellaría de Medio Ambiente para salvagardar o patrimonio natural do espazo.

O texto tampouco recolle os obxectivos e prioridades de conservación do lugar, carece de medidas detalladas que revertan o deterioro e non se establece un sistema de seguimento que permita verificar que os valores naturais da zona melloran co paso do tempo grazas ás medidas adoptadas. Observamos con preocupación que o documento proposto nin

mencione a caracterización socioeconómica da zona ou o impacto -positivo ou negativo- que estas restricións poidan traer á actividade pesqueira, marisqueira e resto de sectores do tecido socioeconómico desta zona da Ría de Arousa.

A Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galiza establece que “a consellaría competente en materia de conservación do patrimonio natural fixará as medidas de conservación necesarias nas zonas especiais de conservación e nas zonas de especial protección para as aves que respondan ás exigencias ecolóxicas dos tipos de hábitats naturais e das especies presentes en tales áreas” pero tamén inclúe que estas medidas de conservación implicarán “uns axeitados plans ou instrumentos de xestión, específicos dos lugares ou integrados noutros plans de desenvolvemento, que inclúan, cando menos, os obxectivos de conservación do lugar e as medidas apropiadas para manter os espazos nun estado de conservación favorable”. Todo isto tampouco se cumpre no texto proposto pola Consellaría.

Habería que revisar o número máximo de visitantes no caso de grupos organizados xa que a imposibilidade de superar as 20 persoas impedirá organizar visitas escolares para actividades de sensibilización. Se queremos trasladarlle a importancia da conservación da natureza ás xeracións futuras, as visitas educativas para a poboación, especialmente para a mocidade non deberían ficar excluídas desta limitación porque non son estas visitas as que desgastan os illotes.

**ALEGACIÓN 2:** A Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda establecerá a zonificación da Zona de Especial Conservación (ZEC) Ons - O Grove, tendo en conta as actividades tradicionais e o corredor marítimo que atravesa a área protexida.

**ALEGACIÓN 3:** A Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda establecerá un calendario para desenvolver tarefas de conservación, sensibilización ambiental e un sistema de seguimento do lugar.

**ALEGACIÓN 4:** A Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda establecerá un plan detallado de visitas de sensibilización dirixido á poboación, con especial atención da mocidade.

### Programa financeiro

A orde pola que se establecen as normas relativas ao uso público e de actividades recreativas nos illotes dos Guidoiros e illa de Rúa non contempla investimentos nesta zona que permitan mellorar a preservación do espazo. Como pretende preservar os valores naturais e sensibilizar á poboación sobre a necesidade de coidar este conxunto de illas e illotes se non se prevé unha partida económica para tal fin? Desde o BNG confirmamos que existe un déficit de financiamento e un desleixo froito da inacción das Administracións durante moitos anos. En base a isto, cremos necesario que se faga un programa financeiro de investimentos que permita mellorar dous aspectos fundamentais como son os seguintes: a preservación dos valores naturais da zona, fomentar a recuperación de espazos

degradados -tanto mariños como terrestres-, eliminación de especies exóticas invasoras e do lixo, así como a educación e sensibilización ambiental da poboación.

**ALEGACIÓN 5:** Engadir unha Disposición final II na que se estableza que a aprobación da orde pola que se establecen as normas relativas ao uso público e de actividades recreativas nos illotes dos Guidoiros e illa de Rúa levará aparellado a aprobación dun documento que detalle os investimentos e incluíra un programa financeiro que permita desenvolver programas e actuacións, de maneira estábel no tempo e cos recursos económicos suficientes para realizar a preservación dos valores naturais da zona, fomentar a recuperación de espazos degradados -tanto mariños como terrestres-, eliminación de especies exóticas invasoras e do lixo, así como a educación e sensibilización ambiental da poboación.

### Capacidade de carga

Desde que se declararon Lugar de Importancia Comunitaria os illotes de Guidoiro Areoso e Pedregoso, a Xunta de Galiza non regulou o fluxo de visitantes, nin a capacidade de carga dos illotes, nin a pesca por só poñer algúns datos. Até este presente ano nunca se aprobou por parte da Xunta de Galiza, un Plan de usos que permita regular a presión que recibe o espazo declarado Zona de Especial Conservación Ons – O Grove. Este feito, que só pode cualificarse como un desleixo por parte da Administración galega, trouxo aglomeracións nos meses estivais que provocan a masificación do illote Areoso. Esta carencia foi acrecentándose no tempo pola parálise governamental á hora de buscar un equilibrio axeitado entre o uso e desfrute da poboación coa conservación do medio natural.

O Goberno galego no artigo 3 do articulado decide prohibir, sen motivación algunha, o acceso a Guidoiros Pedregoso e á illa de Rúa ao tempo que establece unha capacidade de carga para Guidoiros Areoso. Descoñecemos os motivos que levan á Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a prohibir o acceso á illa de Rúa e a Guidoiros Pedregoso cando estes dous espazos carecen dunha presión de visitantes excesiva mais, en todo caso, debería responder a criterios científicos que detallen os beneficios de restrinxir a totalidade das visitas. Tampouco se coñecen os criterios empregados á hora de establecer as cifras diarias de visitantes, os motivos que levan a estipular tan só dúas tempadas -alta e baixa- ou as razóns polas que se escolleron as datas sinaladas e non outras como as épocas de cría e aniñamento de aves, por poñer algún exemplo.

Consideramos que os criterios establecidos na devandita orde deberían estar fundamentados con informes científicos e deben responder á presión que actualmente ten cada un dos illotes por separado, evitando igualar a situación de todos porque a día de hoxe non é a mesma. Por outra banda a orde obriga a contar cun guía habilitado oficialmente para poder ter acceso ao medio litoral-terrestre.

Se atendemos ao artigo 3.2 comprobaremos que estamos ante unhas medidas que fomentan todo contrario do que supostamente queren evitar, a masificación do illote de Areoso. Mantense a estratexia de ter maior número de visitantes nos meses de Semana

Santa e verán no canto de promover unha política de desestacionalización das visitas. Desde o BNG cremos que se debe promover a desestacionalización tendo en conta a divulgación dos valores ambientais e culturais dos illotes.

**ALEGACIÓN 6:** A restrición total de acceso á illa de Rúa e illote de Guidoiros Pedregoso, así como a capacidade de carga deberá estar fundamentada con informes científicos actuais que detallen as motivacións que levan a adoptar esas medidas e estableza recomendacións de tempadas e número de visitantes por día.

**ALEGACIÓN 7:** A necesidade de contar cun guía habilitado oficialmente para poder acceder ao medio terrestre dos Guidoiros Areoso, Pedregoso e illa de Rúa será unha recomendación e non unha obriga para aquelas persoas que accedan sen grupo organizado.

**ALEGACIÓN 8:** Excluirase da orde ou fixarase na mesma un número de prazas, atraques e fóndeos para o desenvolvemento de actividades culturais e divulgación en embarcacións tradicionais. Esta actividade cultural quedará excluída da capacidade de carga.

### Pesca recreativa

A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galiza establece no seu artigo 23 bis que “no exercicio da pesca marítima de recreo, xa sexa desde terra ou desde embarcación, unicamente se poderán empregar aparellos de anzol, sostidos pola man ou a cana” asemade “na práctica da pesca submarina unicamente se poderán empregar arpóns, frechas ou figas impulsadas pola man ou por medios mecánicos, e queda expresamente prohibido o emprego de equipos autónomos ou semiautónomos de mergullo, así como a utilización de artefactos hidroescorregadores ou similares. Nas embarcacións non se poderán levar a bordo simultaneamente arpóns de pesca e calquera dos equipos de mergullo anteriormente mencionados”.

A propia Lei de pesca de Galiza define no artigo 22 que “a pesca marítima de recreo é aquela que se practica por entretemento, deporte ou afección, sen ánimo de lucro, en perfecta harmonía e respecto co exercicio da actividade pesqueira, marisqueira e acuícola profesional” motivo polo que nos levaría a dicir que este tipo de artes non prexudican á conservación dos valores naturais da zona que se pretende protexer.

Por outra banda e volvendo á Lei 5/2019 comprobamos que entre os usos e actividades permitidas en espazos protexidos atópanse aquelas “que resulten compatibles cos obxectivos da declaración do espazo natural protexido [...] con carácter xeral, consideraranse usos e actividades permitidos aquelas de carácter tradicional que sexan compatibles coa protección do espazo natural por non causar unha afección apreciable”.

Tamén cómpre atender o Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galiza e se aproba o

Plan director da Rede Natura 2000 de Galiza no que se detallan os hábitats, flora e fauna a protexer, polo tanto, carece de sentido aprobar unha prohibición total.

En base a estes fundamentos, consideramos que a pesca recreativa non é unha actividade que deba prohibirse ao se facer de maneira respectuosa co medio natural e xa regulada mediante outras normativas e textos legais aprobados pola Consellaría do Mar onde xa se estipulan os tamaños mínimos, topes de capturas, vedas, especies e artes.

**ALEGACIÓN 9:** Eliminar do epígrafe 3.g. O exercicio da pesca recreativa/deportiva.

## Turismo

A ampla tradición en canto ás visitas a estes illotes tanto en embarcacións tradicionais como en caiacs, táboas de paddle surf e outras embarcacións, forman parte da cultura náutica dos municipios da ría que non debera ser castigada pola normativa que aprobe a Xunta de Galiza.

Fronte o turismo de masas existe o ecoturismo e o turismo deportivo, estes últimos si deberían ter acollida no desenvolvemento da normativa que se estableza para regular o uso deste arquipélago. Os organismos públicos deberían ter como prioridade desenvolver un modelo turístico que permita desfrutar do territorio sen que este último se vexa danado. No caso da Ría de Arousa, cómpre atender que existen empresas que xeran emprego e dinamismo socioeconómico que tamén deberan ser escoitadas á hora de establecer esta normativa.

**ALEGACIÓN 10:** A Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda terá en conta as achegas de todos os sectores socioeconómicos implicados, sexa de maneira directa ou indirecta, que faciliten o desenvolvemento de actividades respectuosas co medio natural.

**ALEGACIÓN 11:** A normativa que se aprobe deberá promover unha desestacionalización das visitas que evite a alta presión de visitantes que soporta actualmente o illote Areoso. Para isto promoverase un modelo de turismo distinto que non danen os valores naturais do illote, como poden ser o ecoturismo ou turismo deportivo.

## Usos e actividades prohibidas

O descoñecemento que demostra a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda á hora de establecer os usos e actividades prohibidas é tal que se chega a prohibir o uso de motocicletas ou bicicletas nun espazo ao que é materialmente imposíbel que poidan chegar esta clase de vehículos.

Tamén se chega ao punto de declarar actividades “autorizadas cun carácter excepcional” as probas a nado ou regatas a vela e a remo, actividades todas estas sostíbeis co medio e con



escasa pegada de carbono. Isto contrasta co feito que no propio ZEC existe un corredor marítimo que supón vía de acceso ao porto da Illa de Arousa ou Vilagarcía, polo que cómpre preguntarse, que sentido ten que uns barcos a vela, remos ou nadadores teñan que pedir permiso para atravesar esta zona e non o teña que facer un buque mercante?

As regatas a vela e remos de embarcacións tradicionais e a súa navegación deben quedar excluídas da autorización previa na área delimitada pola orde. Xa teñen que obter autorización e permiso doutros organismos, polo que xa están sometidas ás condicións que fixa a orde cando non incluso a outras máis restritivas. Entendemos que neste campo a orde o único que fará será dificultar as actividades culturais que se veñen celebrando desde hai moitos anos incrementando as trabas burocráticas.

Do mesmo xeito, excluírase da orde ou fixarase na mesma un número de prazas, atraques e fóndeos para o desenvolvemento de actividades culturais e divulgación en embarcacións tradicionais. Esta actividade cultural quedará excluída da capacidade de carga.

**ALEGACIÓN 12:** A Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda eliminará os artigo 2.d e 2.e do texto.

**Ribeira, novembro de 2022**

**Illa de Arousa, novembro 2022**

Documento asinado electronicamente

Documento asinado electronicamente

**Luís Pérez Barral**

Portavoz do Bloque Nacionalista Galego en Ribeira

**David Mochales Vigo**

Portavoz Bloque Nacionalista Galego na Illa de Arousa